



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Noia para o apoio técnico e financeiro na execución das actuacións necesarias para reparar a estación depuradora de augas residuais de Noia. Concello de Noia (A Coruña)

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. E, no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 Para o desenvolvemento das competencias sinaladas, o Concello de Noia debe reparar e optimizar o funcionamento efectivo da súa estación depuradora de augas residuais (EDAR).

Como consecuencia das condicións climatolóxicas, a EDAR de Noia sufriu desprendementos na cuberta e avarías nos cadros eléctricos. Ademais, presenta deficiencias no funcionamento dos bombeos de entrada e nos seus equipos de depuración.

O concello de Noia ten declarado, a través dun decreto de alcaldía de data 10 de abril de 2019, a situación de excepcionalidade e emerxencia, pola concorrencia dunha situación de grave perigo para o ecosistema da ría de Muros e Noia. Nesa mesma data, o concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na reparación e optimización do funcionamento efectivo no prazo máis breve posible da EDAR de Noia.

As reparacións das instalacións e dos seus equipos ata o restablecemento do normal funcionamento da EDAR de Noia contribuirán a mellorar a prestación do servizo de saneamento e a calidade das augas da ría, compatibilizando as tarefas de depuración coas demais actividades que se desenvolven neste entorno natural.





3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Noia o instrumento convencional arriba referido, que terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de abril de 2019, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para reparar a estación depuradora de augas residuais de Noia, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cento corenta e nove mil euros (149.000,00 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2019.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento e o saneamento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación; e contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de





interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

